

Podcast en Moodle

ÍNDICE

Introducción.....	2
Cómo crear un Podcast.....	2
Engadir episodios a un Podcast.....	5

Introdución

Os podcasts son unha serie de episodios grabados en audio e transmitidos online. Estes poden ser gravados en diferentes formatos, sendo os máis comúns entrevistas entre invitado e presentador e gravacións individuais onde o presentador (ou presentadores) comenta sobre un tema específico.

O módulo de actividade de podcast permite aos participantes crear un podcast e publicar episodios consistentes en ficheiros de vídeo e / ou audio.

Poderase navegar polos episodios alfabeticamente ou por categoría, data ou autor. Os episodios pódense aprobar de xeito predeterminado ou requirir a aprobación dun profesor antes de que todos os poidan ver.

Un profesor pode permitir comentarios sobre episodios.


Os episodios tamén poden ser valorados por profesores ou estudantes (avaliación por pares). As valoracións agréganse para formar unha nota final que se rexistra no libro de cualificacións.

Os estudantes poden subscribirse ao podcast usando o seu navegador web favorito ou unha aplicación de audio como iTunes, Winamp ou Windows Media Player e escoitalos nun reprodutor de MP3 portátil como un iPod.

Unha das ventaxas do podcast é que a súa transferencia de ancho de banda é baixa e non consume tanto coma os vídeos.

Cómo crear un Podcast

O primeiro que temos que facer é activar a edición no curso e logo - Engadir actividade ou recurso, e seleccionamos a actividade Podcast



Facemos a configuración do Podcast dun xeito similar a outras actividades/recursos de Moodle:

- Inserir un nome para o noso podcast, unha descrición e un máximo de tamaño de arquivo, así coma os formatos de arquivos permitidos

Engadindo un novo Podcast a Módulo 3: Comunicación asíncrona (2ª parte).

[Expandir todo](#)

Xeral

Podcast name

Descrición

☐ Presentar a descrición na páxina do curso

Maximum attachment size

Allowed file formats [Escoller](#)

Ficheiros de son compatíbeis nativamente cos navegadores .aac .flac .m4a .mp3 .oga .ogg .wav
 Ficheiros de son usados na web .aac .flac .m4a .mp3 .oga .ogg .ra .wav
 Ficheiros de vídeo compatíbeis nativamente cos navegadores .fmp4 .m4v .mov .mp4 .ogv .webm
 Ficheiros de vídeo usados na web .avi .f4v .flv .fmp4 .m4v .mov .mp4 .mpe .mpeg .mpg .ogv .qt .swf .swfl .ts .webm


Opciones de publicación

Permitir comentarios de usuarios	No.	Permitir que os usuarios deixen comentarios.
Permitir a los usuarios publicar episodios	sí	Permitir que os usuarios publiquen episodios/podcast
Requiere aprobación para episodios	sí	Que se requira aprobación do profesor/a para a publicación dos episodios. Recomendado.
Mostrar nombres de autor	No.	Mostrar o nome dos autores do podcast.
Mostrar nombres de espectadores	No.	Mostrar o nome dos usuarios que visualizan o episodio.
Permitir categorías de episodios	No.	Permite aos usuarios seleccionar categorías para cada un dos seus episodios
Episodios mostrados por página	10	Episodios mostrados por páxina

- *Podcast image*: Engadir unha imaxe para o noso podcast. Pode ser algo representativo do contido/tema do podcast, da aula, imaxe do autor do podcast, indicaremos o alto e ancho da imaxe



- *Etiquetas*: debemos inserir tantas etiquetas como queiramos para clasificar os episodios do noso podcast. Debemos ir escribindo as palabras e separalas con comas (,) Supoñamos que estamos a crear podcast de informática,



- Unha vez rematada a configuración, gardamos e volvemos ao curso. Teremos xa o noso podcast na sección onde inseríramos a actividade


 **A informática entre os máis pequenos**

Engadir episodios a un Podcast


Debemos premer na actividade para poder **engadir os episodios do noso podcast**. Faremos esta acción cada vez que queiramos inserir un novo episodio.



Introducirlíamos a información que corresponda ao episodio: o título, o arquivo multimedia



Este sería o aspecto tras engadir un episodio,



The screenshot shows the Moodle Podcast interface. At the top, there is a button 'Add a new episode' and navigation links: 'Browse by alphabet', 'Browse by date', 'Browse by author', and 'Approve episodes' (highlighted with a red arrow). Below these is a search bar 'Browse the podcast using this index' with a list of letters from A to Z and 'ALL'. The main content area displays details for an episode titled 'El hardware'. The summary is 'Qué es el hardware, ejemplos de elementos hardware'. The media file is a video player showing a 'Cambridge English Test Placement Test' interface. The author is 'JOSEFA PAULOS LAREO'. The creation and last updated dates are 'Miércoles, 17 de Noviembre de 2021, 21:31'. The tags are 'Parte física', 'material', 'tangible', and 'Hardware'. At the bottom, there are links 'Editar', 'Eliminar', 'Ver', and 'Disapprove' (circled in red).

Na parte superior temos a opción de “Aprobar episodios” que sería útil para o caso de que un determinado episodio non esté aprobado de xeito predeterminado e debamos confirmalo para que o vexan.

Fixámonos que na parte inferior aparece “Editar | Eliminar | ver | Desaprove” opcións que serven para editar o episodio e facer os cambios que consideremos; eliminar o episodio; velo; ou ven desaprovar este episodio



“Podcast en Moodle” by Fina Paulos Lareo is licensed under a [Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-CompartirIgual 4.0 Internacional License](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/).